

nAmorAndo Primaria 14-15

Erea e Martiño: unha historia diferente



CONCELLO DE
PONTEVEDRA

BSM


Benestar
Social
Municipal

Índice

1. Introducción	3
2. Relevancia e interese do proxecto	5
3. Obxectivos	6
4. Metodoloxía	7
5. Calendario da actividade	8
6. Resultados	9
7. Conclusións	16
8. E se o contamos ao mundo?	17

PROGRAMA DE PREVENCIÓN DA VIOLENCIA MACHISTA EN EDUCACIÓN PRIMARIA





Queremos agradecer a todolas titoras e titores que confiastes dende o principio na importancia deste programa, así como ós equipos de orientación e dirección dos centros. Sen o voso traballo, implicación e facilidades todo houbera sido máis complicado. Por último, agradecer a cada unha das nenas e nenos que se envorcaron nas intervencións. De cada un de eles e elas aprendemos que o futuro dunha sociedade máis xusta, igualitaria e menos violenta depende deles/as e que o cambio é posible. Grazas de corazón.

1. INTRODUCCIÓN

A pesar da liberación da muller, do traballo constante en educar na igualdade de oportunidades e da cantidade de campañas que nos recordan que homes e mulleres somos iguais en dereitos e oportunidades, cada vez existen vítimas de violencia de xénero máis novas. Segundo a Secretaría Xeral da Igualdade, 2012 (páx. 18) a Comunidade Autónoma Galega sitúase nun 4º posto compartido con Canarias no ranking da violencia machista. Este feito obríganos a reflexionar que se está a facer mal, para que un problema que parece de épocas pasadas, siga estando tan presente en pleno s. XXI.

Ao longo das últimas décadas, pasouse dunha naturalidade culturalmente aceptada (aínda que non admitida) da violencia de xénero, a un recoñecemento da existencia deste grave problema. Isto fixo que o desenvolvemento de novos recursos legais, psicolóxicos e sociais, entre outros, ofrecese á muller unha protección que ata agora era inexistente. Deste xeito, comézanse a tecer fórmulas que favorezan a prevención, como forma de traballo efectiva a longo prazo. Rojas Marcos (2005) sinala como a estratexia máis eficaz á hora de atallar a violencia doméstica se apoia en dúas premisas:

- Ningún ser humano nace maltratador dos demais, nin se converte nun como por arte de maxia aos vinte e un anos.
- A tendencia á crueldade desenvólvese baixo certas condicións nocivas nos primeiros quince anos da vida.

Así, tal como afirman Sanz, García e Benito (2006) dentro do ámbito educativo, prodúcese un proceso de socialización fundamental para o desenvolvemento persoal do alumnado; é neste contexto, onde se dan continuamente múltiples relacións que favorecen, en ocasións, diferentes manifestacións de violencia, ben na aula, nos corredores ou no patio e que afectan a rapaces e rapazas, á súa forma de entender o mundo, ao seu corpo, á súa sexualidade, á súa autoestima... Todo iso provoca situacións de conflito nas que se mostran actitudes diferentes para resolvelas.

Non obstante, a Comunidade de Madrid (2006) e Rech et. Al (2007) sinalan como a socialización tamén se pode usar para combater e facer desaparecer condutas de desigualdade e de violencia. Por iso, sinalan que é básico educar dende a nenez valores de igualdade, en actitudes e formas alternativas que fomenten o equilibrio de poder, a corresponsabilidade, a repartición equitativa de ámbitos sociais entre mulleres e varóns e sobre todo, na sensibilización para desmarcarse de estereotipos sexistas. Deste xeito, se os nenos e as nenas teñen os modelos axeitados, serán capaces de captar e reproducir valores de igualdade, tolerancia, convivencia e coeducación.

Neste sentido, debemos mirar cara a diferentes axentes educativos como referentes neste labor preventivo: a familia, a escola, os e as iguais. Do mesmo xeito debemos ter en conta os deseducativos: medios de comunicación e videoxogos (Sasiain e Añino, 2006), nos que se mesturan mensaxes sexistas con noticias de denuncias por violencia de xénero.

Dende estas afirmacións parece doado concluír que o traballo realizado dende a escola ten que ter a súa continuidade na familia e viceversa. As mensaxes ambivalentes só serven para crear confusión e facer que os e as pequenas se decanten pola forma de comportarse máis cómoda para eles. Isto parte de que na maioría das ocasións os nenos e nenas non teñen tempo ou estratexias para facer unha crítica reflexiva.

Ofrecer parámetros, estratexias e recursos a alumnos, alumnas, pais e nais para a formación na efectiva igualdade de homes e mulleres en todos os planos da vida persoal, familiar e social, será unha tarefa que haberá que conseguir dende o traballo paulatino, pero continuo no día a día educativo como recurso para previr a violencia machista.

2. RELEVANCIA E INTERESE DO PROXECTO

Este proxecto xorde froito da investigación realizada para o Traballo de Fin de Máster (Máster en Formación do Profesorado de Educación Secundaria, FP e Ensinanzas de idiomas- Especialidade: Orientación Educativa) por Jone Ojeda. O seu título: "Influencia das crenzas das relacións de parella sobre a violencia de xénero, no alumnado dun grupo da ESO".

Tras realizar unha análise dos datos en función das hipóteses formuladas no presente estudo, podemos confirmar que os e as adolescentes seguen mantendo ideas baseadas na concepción do amor romántico e tolerando relacións con violencia psicolóxica que é minimizada a medida que estes manteñen unha relación. Comprobamos que é necesario seguir dando pasos para que sexan capaces de poñer en marcha comportamentos que lles permita reafirmarse como persoas, tendo a oportunidade de manter relacións que lles axude a seguir sendo el@s mesm@s sen necesidade de adaptar as súas formas de pensar, sentir e actuar aos da súa parella, en nome do amor. Se estas crenzas se perpetúan e non se intervén para poder ser modificadas, a violencia de xénero lonxe de ser erradicada, será mantida no tempo.

Consideramos que si cando cheguen a idade onde empezar a ter as súas primeiras relacións, teñen unha base sólida, será máis complicado que a emoción sexa o único que prevaleza sobre outras condutas máis racionais.

Ao longo de diferentes contactos mantidos con diversos colexios públicos e privados da provincia, podemos constatar que as actuacións realizadas ao respecto seguen sendo puntuais, cuestión que tal como comenta Diaz-Aguado (2009), non nos serve para levar á práctica programas eficaces para o tratamento deste problema, que deberían estar instaurados no currículo.

De aí a proposta de programa de intervención adaptado a necesidade de contribuír dende idades máis temperás a consolidación de actitudes, sentimentos e roles, que permitan crear estruturas sólidas na formación de homes e mulleres lonxe de relacións de desigualdade e maltrato. Temos en conta as apreciacións realizadas por Diaz-Aguado (2009) e Sasiain e Añino (2006), en canto á importancia de incluír o compromiso das familias. Así mesmo gustaríanos ter presente o traballo do profesorado, no día a día educativo cos e cas alumnas e a necesidade de que estes conten cunha formación axeitada, que contribúa a reafirmar conceptos clave na súa relación co alumnado. Por iso, e aínda que na presente proposta só desenvolvéramos a intervención cos nenos e nenas, consideramos imprescindible complementar o labor cos dous colectivos mencionados.

3. OBXECTIVOS

3.1. XERAIS

- Axudar o alumnado a configurar unha imaxen dos chicos e das chicas non sexista en diversos aspectos da súa vida
- Capacitar o alumnado para analizar e cambiar as súas propias crenzas erróneas con respecto ao amor romántico.

3.2. ESPECÍFICOS

- Avaliar a liña base da que parte o alumnado con respecto ao tema tratado
- Axudar a identificar e expresar emocións básicas e que sexan vistas como formas naturais de expresión en ambos sexos
- Identificar xogos e xoguetes que no condicionan roles sexistas
- Reflexionar sobre cuestións básicas do amor romántico
- Tomar contacto con situacións relacionadas co bo e mal trato nas relacións
- Avaliar os cambios obtidos durante a intervención.

4. METODOLOXÍA

Formulouse unha metodoloxía participativa, pretendendo transmitir os coñecementos dunha forma dinámica; onde os alumnos e as alumnas sexan os que elaboren os seus propios coñecementos a través da **vivenciación** (dramatización ou **problematización**), debate-reflexión e asimilación do analizado durante as sesións.

Esta formulación fundaméntase en que as actitudes están formadas por tres compoñentes interrelacionados: o compoñente cognitivo (pensamento), o emotivo (sentimento) e o **conductual** (acción). Polo que consideramos imprescindible traballar os tres aspectos conxuntamente; a través de métodos dinámicos (**xogos, representacións, contos**) cos que analizar os sentimentos e pensamentos que determinan unha conduta.

Integramos novas ferramentas do mercado que están a ser consolidadas no medio educativo, como Creappcuentos.

A duración das sesións foi de 50 minutos, o tempo estimado dunha clase, a razón dunha sesión semanal.

5. CALENDARIO DA ACTIVIDADE

XANEIRO						
L	M	X	J	V	S	D
			1	2	3	4
5	6	7	8	9	10	11
12 VP	13 X1/X2	14 AL	15 C/BL	16 PF	17	18
19 VP	20 X1/X2	21 AL	22 C/BL	23 PF	24	25
26 VP/ X2	27	28 AL	29 C/BL	30 PF	31	

FEBREIRO						
L	M	X	J	V	S	D
						1
2 VP /X2	3 X1	4 AL	5 C/BL	6	7	8
9 VP/X2	10 X1	11 AL	12 C/BL	13 PF	14	15
16	17	18	19 C/BL	20	21	22
23 VP	24 X1	25	26 C/BL	27 PF	28	

MARZO						
L	M	X	J	V	S	D
						1
2 VP	3 X1/X2	4 AL	5	6 PF	7	8
9	10	11 AL/PF	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22
23	24	25	26	27	28	29
30	31					

A Xunqueira 1

X1

Príncipe Felipe

PF

A Xuqueneira 2

X2

Cabanas

C

Vidal Portela

VP

San Benito de Lérez

BL

Álvarez Limeses

AL



6. RESULTADOS

6.1. PARTICIPANTES NO PROGRAMA

Participaron un total de 10 aulas, tal como estaba establecido na proposta inicial, como inicio do programa piloto, quedando en lista de espera os CEIPs de Praza Barcelos, Vilaverde, Marcón e A Carballeira. Os colexios foron eleixidos por orden de resposta para a inclusión no programa. O número total de alumnos e alumnas foi de 225, xa que no CEIP A Xunqueira 2 houbo 3 familias que non consentiron que os seus fillos participaran da intervención proposta.

Táboa 1.




6.2. PARTICIPANTES NA AVALIACIÓN PREVIA Ó PROGRAMA E POST INTERVENCIÓN


Na avaliación inicial participaron todas as aulas (Táboa 2), recollendo un total de 216 enquisas iniciais para a formular a liña base. A distribución segundo o xénero foi a seguinte: 49% nenas e 51% nenos. (Táboa 4), procedendo o 70% dos participantes de familias cuxos proxenitores estaban casados/as, o 22% divorciados/as e 8% solteiros/as. (Táboa 6)

Ó termo da intervención o colexio Príncipe Felipe non participou na avaliación por falla de tempo. Terminamos a conclusión de resultados cun total de 191 alumnos e alumnas (Táboa 3), cuxa distribución foi de 51% de nenas e 49% de nenos. (Táboa 5), procedendo de xeito similiar que na avaliación previa de familias cuxos proxenitores/as estaban casados/as (Táboa 7)

Táboa 2.




Táboa 3.




Táboa 4.




Táboa 5.



Táboa 6.



Táboa 7.



6.3. RESULTADOS NAS CREENZAS ATOPADAS


Os resultados que aparecen a continuación representan o % de alumnado que contesta afirmativamente ás diferentes cuestións plantexadas. Vemos que a intervención foi efectiva xa que en todos os ítems houbo unha redución na súa creenza inicial. (Táboas 8 e 9)

Podemos comprobar que existen máis creenzas sexistas no ámbito dos roles ou do amor en comparación co manexo das emocións.


Así, aqueles ítems máis chamativos son: "Hai xogos de nenos e xogos de nenas", "É normal que un rapaz e unha rapaza se namoren nada máis verse", "Os príncipes salvan ás princesas" "Xogar as bonecas é de nenas", "Un rapaz e unha rapaza poden casar ós poucos días de coñecerse e ser felices", "Xogar con camións é de

nenos", "Todas rapazas teñen que esperar ó seu príncipe azul", "Cando teño medo a algo, ó mellor que podo facer e marchar correndo", "Un rapaz ou rapaza valente é aquel que non chora nunca e non ten medo a nada" "As rapazas non deben enfadarse".

Táboa 8.



Táboa 9.




Cando facemos a comparativa por sexo, vemos que existen diferenzas significativas entre nenas e nenos, constatándose un dato que xa confirmamos co alumnado de Educación Secundaria: os rapaces teñen máis creencias sexistas que ás mulleres. Vemos que antes de intervir as diferenzas existían en tres ámbitos: "Xogar ás bonecas é de nenas" "Xogar con camións é de nenos", "Cando unha rapaza ou un rapaz ten parella, xa non precisa sír cos seus amigos ou amigas". (Táboas 10 e 11)

Trala intervención, comprobamos que a diferenza entre nenos e nenas con respecto a deixar a amigos e amigas ó ter parella desaparece, e sigue manténdose ás dos xogos sendo os nenos os que continúan


identificando nalgún caso que isto é así (con reducións significativas trala intervención dun 24,54% a un 5,8% e de un 20,37% a un 6,3%) e habendo desaparecido esta concepción nas nenas.

Continuamos vendo como as nenas interiorizan mellor as mensaxes que se traballaron durante o programa, aparecendo novas diferenzas entre uns e outras nas seguintes cuestións: "Cando teño medo a algo ó mellor que podo facer é marchar correndo", "Un rapaz e unha rapaza poden casar ós poucos días de coñecerse e ser felices", "As rapazas guays son guapas" e "Hai xogos de nenos e xogos de nenas"

Táboa 10.



Táboa 11.




Finalmente quixemos comprobar se existían diferenzas significativas en función do CEIP no que fixemos a intervención. Atopamos que **sí** antes de realizar ó programa, habendo quedado eliminadas estas diferenzas trala posta en marcha do mesmo (Táboa 12).

Diferenciaremos ós seguintes ítems:

- "É normal que un rapaz e unha rapaz se namoren nada máis verse", o 88,9% da aula do CEIP Príncipe Felipe determina que iso é así, fronte ó 28,3 do CEIP Xunqueira 1 ou o 28,4% do alumnado do CEIP Vidal Portela.
- "Os príncipes salvan ás princesas", o 88,9% e o 80% do alumnado do CEIP Príncipe Felipe e do CEIP Xunqueira 2 respectivamente confirman esta creenza como verdadeira fronte ún 65,9% do alumnado do CEIP Vidal Portela ou o 29,4% do Álvarez Limeses, que son os que menos consideran certa esta creenza.
- "Hai xogos de nenas e xogos de nenos". O 83,3% e o 80,9% do alumnado dos CEIP Príncipe Felipe e o CEIP San Benito de Lérez, constatan certa esta afirmación fronte ó 38,9% e o 39,2% dos CEIP de Cabanas e Álvarez Limeses, con puntuacións máis baixas ó considerar verdadeiro este ítem.
- "Xogar ás bonecas é de nenas". O 65% do alumnado do CEIP Xunqueira 2 e 61,6% do alumnado do CEIP San Benito de Lérez, constatan que esta afirmación é correcta, sendo as puntuacións mais elevadas, fronte o 15,4% do alumnado do CEIP de Cabanas e o 17,6% e 17,4% de Príncipe Felipe e Álvarez Limeses.
- "Xogar con camións é de nenos". Vemos ás diferenzas entre o 61,9% dos alumnos e alumnas do CEIP San Benito de Lérez e ó 55% de Xunqueira 2, fronte ó 16,7% do Príncipe Felipe e ó 21,3% do Álvarez Limeses con puntuacións menores.
- "Todalas rapazas teñen que esperar ó seu príncipe azul". Nesta ocasión é o 53,8% do alumnado de Cabanas o que identifica como certa esta acepción, sendo así o que máis erroneamente valora esta creenza, fronte ó 0% do Príncipe Felipe ou o 5,9% do Álvarez Limeses.

Táboa 12.



7. CONCLUSIONES

Unha vez analizados os resultados obtidos, podemos confirmar a importancia da realización deste tipo de programas, que poñen de manifesto como o discurso dos alumnos e alumnas foi cambiando ó longo das sesións en todos os aspectos abordados no mesmo.

Así mesmo, observamos como sigue constatándose que son os nenos os que máis problemas teñen á hora de identificar aspectos sexistas e os que lles costa interiorizar máis este tipo de creencias, polo que debemos seguir traballando nesta liña, facendo especial fincapé neste sector poboacional.

Finalmente sería interesante que en función das diferenzas atopadas nos CEIPs, trataran de estar ó tanto nas creencias erróneas máis destacadas antes da intervención, para detectalas noutras aulas e poder seguir facendo un traballo transversal noutros grupos, e continuar incidendo nestes para que se consolide o xa traballado e conseguido ata agora.



8. E SE O CONTAMOS AO MUNDO?

Aparecen a continuación os vídeos que dan resumo a actividade de intervención feita co alumnado.

[Principiñas e princesiños versión curta](#)

[Principiñas e princesiños Versión longa](#)

